

A liberdade de cátedra

1.1. Contido

A liberdade de cátedra está recoñecida na Constitución e é un dereito que ampara a todos os docentes aínda que seu grao máis amplo atinxe o ensino universitario. Diferentes sentenzas do Tribunal Constitucional foron perfilando este dereito, de xeito que podemos concluír que a liberdade de cátedra consiste en poder expresar, con relación á materia, as propias conviccións e puntos de vista sen que se poda impor aos docentes orientacións que impliquen un determinado enfoque da realidade natural, histórica ou social. Tampouco se podería impor un único criterio metodolóxico ou didáctico se hai varios recoñecidos cientificamente.

1.2. Límites

Un dos límites vén definido polo dereito do alumnado a recibir unha educación axeitada, podendo a Administración educativa establecer a distribución horaria, os contidos mínimos, os obxectivos e mesmo sinalar os medios pedagóxicos para a súa consecución.

A liberdade de cátedra tampouco ampara as manifestacións ideolóxicas ou propagandísticas que non respecten a liberdade de conciencia do alumnado e que non garden relación coa materia impartida.

Cousa distinta é a liberdade de expresión de ideas e pensamentos que lle corresponde a todos os cidadáns, que abrangue un ámbito diferente.



Normativa:

Art. 20.1.c) da Constitución española

Art. 3º da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación.